



RESUMO DOS ACORDOS TOMADOS NA XUNTA DE GOBERNO DO 11.11.2025

A Xunta de Goberno, na súa última sesión do 11.11.2025, tomou os seguintes acordos:

1. **Altas, baixas e cambios no censo de colexiación.** Aprobáronse dous cambios de exercentes a non exercentes, unha baixa de exercente por falecemento, unha baixa de exercente por xubilación e unha baixa de non exercente.
2. **Informes de honorarios.** Aprobáronse 46 informes de honorarios para taxacións de custas (45 de materia bancaria e 1 sobre execución de sentenza). Nesta sesión o total de informes aprobados en 2025 acada os 482.

Estes informes aprobados correspóndense cos primeiros que recibimos no mes de setembro dos xulgados (só nese mes entraron no rexistro do colexio 130 solicitudes de informes en taxacións de custas).

3. **Orzamento 2026.** Acordouse o proxecto de orzamento para o 2026, que se presentará á aprobación da Xunta Xeral que se convocará para o mes de decembro.
4. **Acordos sobre a xurisdición da Sección de Violencia sobre a Muller do Tribunal de Instancia de Santiago: incidencia nas asistencias e nas designacións da quenda de oficio.** Ante a posta en funcionamento da sección de violencia sobre a muller do Tribunal de Instancia de Santiago de Compostela, que estende a súa xurisdición aos partidos xudiciais de Noia, Arzúa, Riveira, Negreira, Muros, Padrón e Ordes, no referente á asistencia a vítimas e ás designacións da quenda de oficio, afecta ás competencias dos colexios da avogacía de Santiago e da Coruña. Acordouse realizar un protocolo de actuación entre ambos os colexios para regular as designacións dos letrados de oficio correspondentes. Este protocolo será remitido por circular proximamente a todos os colexiados incorporados ao servizo de asistencia a vítimas de violencia de xénero. Así mesmo, tamén se acordou que na lista de asistencia a vítimas de violencia de xénero de Santiago, a partir do 01.01.2026, serán dous os letrados que estean de garda cada día.
5. **Solicitudes de cambio de avogados de oficio.** Tramitáronse dúas solicitudes de cambio de letrados/as de oficio (art. 21 bis da LAXG), das cales se concedeu un por incompatibilidade e o outro foi denegado por non estar xustificadas os motivos do cambio.
6. **Oficio remitidos polos xulgados.** Atendéronse dous oficios remitidos polos xulgados de Santiago en relación cunha solicitude de nomeamento dun defensor xudicial e a remisión do expediente dunha queixa presentada por unha solicitante de xustiza gratuíta contra a súa avogada.
7. **Cursos e xornadas.** Acordouse a realización das seguintes xornadas formativas:
 - Día 21 de novembro, ás 12 h, salón de actos do ICAS: “Recuso de casación, dúbidas e certezas”, a cargo de José Ramón García Vicente (letrado do gabinete técnico da Sala Civil do TS)
 - Día 4 de decembro, ás 18.30 h, salón de actos do ICAS: “Curso práctico de Verifactu-sistemas informáticos de facturación”, a cargo de Remedios Vázquez Gil (técnica da área de xestión da AEAT de Santiago)



CIRCULAR INFORMATIVA 24/2025

8. **Escritos de queixa.** Tramitáronse dous escritos de queixa de dous letrados, un contra un xulgado por facilitar o teléfono móbil do letrado á parte contraria, e outro, relativo ás condicións dos calabozos dos sotos do edificio dos xulgados das Fontiñas. Acordouse remitir os correspondentes oficios aos órganos xudiciais competentes para que adopten as medidas que consideren necesarias.